

Pontevedra

O Pazo acolle o vindeiro sábado o VI Congreso de Escritoras-es da AELG

Novas 18 de Setembro de 2015



O Pazo da Cultura acolle o vindeiro sábado, 26 de setembro, o VI Congreso de Escritoras-es da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) baixo o título “Para que(n) escribimos o futuro”. A programación presentouse esta mañá nunha comparecencia da concelleira de Cultura, Anxos Riveiro e o presidente da Asociación, Cesáreo Sánchez Iglesias quen destacou que “Pontevedra xa se convertiu na capital da literatura infantil e xuvenil da Galiza”.

A concelleira de Cultura, Anxos Riveiro lembrou que “o Concello sempre está aberto para acoller actividades como a da Asociación de Escritores en Lingua Galega” así como outras actividades vinculadas como as escolas de escritores que promoveu durante meses pasados a Concellería en colaboración con escritores galegos do prestixio de Leticia Costas, por exemplo.

O congreso dividirase en seis grupos de traballo que se desenvolverán en tres quendas:

- A oralidade como soporte literario
- O futuro da literatura dramática
- Lusofonía como renovada oportunidade
- Dereitos de autoría e profesionalización
- Novas formas de edición
- Formación de lectores/as.

Ademais do encontro pechado dos escritores galegos, unha cita para a que están confirmados 55 autores, tamén haberá unha actuación musical aberta ao público por parte de Xardín desordenado. Será ás 20.00 horas tamén no Pazo da Cultura.

Programa